



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 2 DE AGOSTO DE 2018

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á autorización das actuacións indicadas nos informes do enxeñeiro técnico industrial municipal no contrato de "Servizo de mantemento do alumado público, instalacións eléctricas dos locais municipais e instalacións do alumado ornamental dos monumentos do Concello de Santiago de Compostela". Autorízase a realización das seguintes actuacións por parte de Ferrovial Servicios:

- _Ampliación de instalación en escada rúa Raxeira, Fontiñas: 1.492,15 euros
- _Instalación de punto de luz en CSC de Santa Marta: 1.075,92 euros
- _Ampliación de alumado público en varios lugares de Berdía: 1.736,04 euros
- _Ampliación de alumado público en varios lugares de Marrozos: 1.307,53 euros
- _Ampliación de alumado na senda peonil do parque de San Lázaro: 3.674,85 euros
- _Eliminación das lámpadas de vapor de mercurio de 125W. Fase II: 43.552,59 euros

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente relativa á aprobación do expediente de "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do parque de Salgueiriños do Concello de Santiago de Compostela. Reservada a Centros especiais de emprego D.A.4ª da LCSP"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 100.000 euros, IVE incluído.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á incoacción dun novo expediente de resolución do contrato de execución das obras de "Reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015". Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á incoacción dun novo expediente de resolución do contrato de execución das obras de "Reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015". Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aceptación de alegacións e declarar deserta a licitación de subministración dun tractor con dúas rozadoras. Orzamentos participativos 2017 **COMPOSTELA DECIDE**. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á concesión, modificación e extinción de axudas do programa de garantía básica cidadá. Apróbase a proposta.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Servizo de Asesoramento e Colaboración na Inspección Fiscal dos tributos do Concello de Santiago 2010". Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Rexeneración do pavimento de calzada da vía de servizo oeste (marxe impares) da Avda. do Cruceiro da Coruña". Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "Execución das obras do Proxecto de remodelación do trazado da curva vial M-8, Son de abaixo - Ponte Alvar en Marzo de Arriba 17.- (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS). Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada do Parque Móbil relativa ao requirimento a unha empresa para o aboamento dunha cantidade no expediente do subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING) para o Concello de Santiago; en concepto de quilómetros non consumidos. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria da subvención para o fomento do deporte federado 2018. Apróbanse as bases da convocatoria, á que se destinarán un total de 250.000 euros.

13.- Recoñecemento extraxudicial de créditos. Apróbase a proposta.